

Plan Dixital

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano Académico	Estado
15020313	EFAG El Piñeiral	Arzúa	2024/2025	Plan pechado-seguemento

1. Vixencia

Vixencia	Data
Curso inicio	2024/2025
Curso fin	2024/2025
Data de actualización	24/06/25
Data aprobación consello	20/09/24
Data aprobación claustro	12/09/24

2. Introducción

O Plan Dixital do Centro é a ferramenta que facilite o acceso ao uso dos medios dixitais no proceso de ensinanza-aprendizaxe de cara o desenvolvemento pleno e integral do alumnado.

Trátase polo tanto dun instrumento que forme parte do Proxecto Educativo, Proxecto de Dirección e o Programa Xeral Anual de cara a dar un enfoque de centro ao uso dos recursos pedagóxicos dixitais, aproveitando as posibilidades e recursos dispoñibles, de xeito que converta nun proxecto compartido para os membros da comunidade educativa que mostre coherencia e guíe no uso das tecnoloxías.

No concello de Arzúa atópase o Centro EFA Piñeiral. Trátase dun Centro de Promoción Rural, no que se imparte, entre outra formación os seguintes ciclos de Formación Profesional:

- C.F.G.M.: Panadaría, Repostaría e Confeitaría
- C.F.G.M.: Coidados Auxiliares de Enfermaría
- C.F.G.M.: Actividades Comerciais
- C.F.G.S.: Educación Infantil
- C.F.G.S.: Marketing e Publicidade

Os Centros de Promoción Rural-Escuelas Familiares Agrarias de Galicia, son polas súa natureza un movemento asociativo, que agrupa a familias e profesionais do medio rural galego, que teñen por obxectivo contribuír á promoción profesional e social do medio rural a través da Formación Profesional.

As accións formativas van dirixidas principalmente á mocidade atendendo sempre ás características da EFA Piñeiral:

- Metodoloxía propia: A Alternancia formativa seguindo o modelo orixinal das Maisons Familiares Rurales de Francia.
- Interacción educativa empresa- aula- medio social
- Proceso de aprendizaxe: observación, acción, reflexión
- Ritmo apropiado entre as estancias na empresa e a escola.

Unha responsabilidade social compartida:

- A Asociación que apoia a xestión do centro educativo, na que participan:
 - Profesionais e empresarios da zona: A empresa
 - Pais/nais de alumnos: A familia
 - Institucións públicas
- Un proxecto persoal para cada alumno: Formación personalizada para facilitar a transición da escola á vida activa.
 - Orientación profesioanl
 - Proxecto de creación /mellora da empresa familiar
 - Inserción laboral
 - Traballo en equipo

O Plan Dixital de Centro concíbese como "un instrumento para mellorar o desenvolvemento da competencia dixital da comunidade educativa, o uso das tecnoloxías dixitais no proceso de ensino-aprendizaxe e a transformación dos centros en

organizacións educativas dixitalmente competentes».

O Proxecto Dixital de Centro é un documento aberto, suxeito a continua revisión, integrado noutros plans ou proxectos de centro, que define o uso e integración das tecnoloxías no centro educativo.

Está articulado en tres dimensións:

- a) Organizativa: liderado, desenvolvemento profesional, colaboración, traballo na rede...
- b) Tecnolóxica: modificación, dotación e mantemento de equipos, infraestruturas e comunicacións...
- c) Pedagóxica: metodoloxías, prácticas de ensino-aprendizaxe, contidos e currículos, prácticas de avaliación...

Marco lexislativo

Existen tres marcos europeos elaborados polo Centro Común de Investigación da Comisión Europea, que articulan a competencia dixital no eido educativo:

- a) DigCompEdu: que fai referencia á competencia dixital docente.
- b) O marco europeo da competencia dixital para os cidadáns, onde se integra tamén a competencia dixital do alumnado.
- c) O marco europeo para as organizacións educativas dixitalmente competentes: que trata a elaboración do plan dixital nos centros educativos.

Ao mesmo tempo, deberá atender ao seguinte marco lexislativo:

- Decreto 123/2021, do 2 de setembro, polo que se regula o Marco galego de competencias dixitais e a certificación galega en competencias dixitais.
- RESOLUCIÓN do 22 de xuño de 2022, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo no curso 2022/23.
- RESOLUCIÓN do 7 de agosto de 2023, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas básicas de educación para persoas adultas, bacharelato para persoas adultas e ensinanzas non regradas no curso académico 2023/2024
- RESOLUCIÓN do 12 de xullo de 2024, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas básicas de educación para persoas adultas, bacharelato para persoas adultas e ensinanzas non regradas no curso académico 2024/25.

3. Contexto DAFO

3.1. Instrumentos de recollida de información previa

O deseño do Plan Dixital do Centro levouse a cabo en tres fases ou etapas:

- 1ª Fase: Análise. A través da aplicación SELFIE levouse a cabo un primeiro análise das necesidades, debilidades e problemas que precisan accións concretas de actuación no centro, aspectos a mellorar e cuestións a ter en conta de cara a unha elaboración máis real e con maior impacto no centro educativo.
- 2ª Fase: Desenvolvemento. Nesta etapa poñeranse en práctica todas as accións precisas e propostas de á mellora neste eido. Toda a comunidade educativa e de xeito concreto determinadas persoas serán responsables de que se logren levar a cabo as diferentes actuacións no centro.
- 3ª Fase: Avaliación. A ferramenta chave na consecución dos resultados é a avaliación final de cara a analizar a realización dos obxectivos establecidos.

Deste xeito, o Plan Dixital de Centro permitirá:

- o Determinar os obxectivos que pretende o centro. (recollidos xa anteriormente)
- o Definir a situación do centro na actualidade
- o Establecer as actividades precisas para lograr os obxectivos definidos.

Descrición da organización e do proceso de elaboración do PD dentro do Equipo de Dinamización do Plan Dixital.

O Equipo Directivo facilitará a organización necesaria de cara a levar a cabo o proxecto recollido no Plan Dixital, así como para o seu seguimento e implantación das actividades recollidas no mesmo.

Para a axeitada posta en marcha do mesmo, nomearase un Equipo Responsable do Plan Dixital que será o responsable de definir as estratexias dixitais que se incluírán no Proxecto Educativo así como de coordinar as tarefas/accións precisas para levalas a cabo e mellorar se cabe a proposta de dixitalización do centro.

Así mesmo, este equipo será responsable de informar a toda a comunidade educativa sobre os aspectos a ter en conta do Plan Dixital, apoiará a realización do Test sobre a Competencia Dixital Docente, establecerá as necesidades formativas e elaborará un diagnóstico sobre a situación do equipamento no centro educativo. Este equipo responsable estruturarase do seguinte xeito:

- o Rocío Agra Baleato: Responsable do Plan Dixital
- o María Jesús Limés Castro Responsable do Equipo Directivo
- o Paula Iglesias Pose: Responsable de Innovación
- o Inmaculada Carbia Fernández, Responsable de comunicación do Centro

Pese a que tan só consta de tres representantes, de cara a súa operatividade e funcionalidade, realmente todo o equipo docente será coñecedor e impulsor deste Plan Dixital, colaborará na elaboración de diagnósticos e propoñerá as melloras precisas de cara a dixitalización do centro.

3.2. Análise interna

DAFO	Descrición	Categoría	Obx.
Debilidade	Discrepancia en materia de base de datos, posto que a percepción é axeitada, pero non existe unha base de datos actualizada en tempo real. (C17)	Alumnado	Non
Debilidade	Discrepancia entre alumnado e equipo directivo na facilidade do acceso á internet pola lentitude da conexión (C3)	Infraestruturas	Non
Debilidade	Ausencia de materiais en liña para a ensinanza e aprendizaxe (C16)	Organización de centro	Non
Fortaleza	O centro conta con equipamento dixital preciso nas aulas (C2; C5;C8)	Infraestruturas	Non
Fortaleza	O Centro emprega tecnoloxías dixitais na comunicación O centro emprega espazos virtuais de aprendizaxe co alumnado (E3) e coa comunidade educativa (E3)	Organización de centro	Non
Fortaleza	Uso de Tics para a aprendizaxe (F5)	Persoal docente	Non
Fortaleza	Implementación de actividades de aprendizaxe dixital (F3)	Persoal docente	Non

3.3. Análise externa

DAFO	Descrición	Categoría	Obx.
Ameaza	Base de datos de provedores de formación (C17)	Outras	Non
Oportunidade	Dispositivos dixitais para o ensino (C2)	Administración educativa	Non
Oportunidade	Asistencia técnica (C5)	Administración educativa	Non
Oportunidade	Colaboracions (B3)	Contorna	Non
Oportunidade	Participación das empresas na estratexia dixital (A6)	Contorna	Non

3.4. Análise

Os pasos a seguir para a elaboración do Plan de Acción a partir dos resultados da análise DAFO foron os seguintes:

- Detectar as deficiencias do centro en canto a recursos, do equipo docente no eido das necesidades de formación en competencias dixitais e do alumnado vinculado ao uso responsable e seguro das Redes.
- Determinar os obxectivos que se queren conseguir e determinouse o período de tempo estimado para logralos.
- Determinar as accións que se poden levar a cabo para lograr cada obxectivo por parte do Equipo Directivo
- Establecer os responsables das accións a desenvolver, determináronse os recursos necesarios para lograr ditos obxectivos e os recursos precisos.

4. Obxectivos

4.1. Listaxe de obxectivos

Código	Obxectivo
O01PD	Establecer unha estratexia dixital no centro
O02PD	Mellorar dispositivos dixitais para o ensino
O03PD	Crear intercambio de experiencias dixitais no centro do persoal docente
O04PD	Utilizar tecnoloxías dixitais para a avaliación das capacidades do alumnado.

4.2. Datos do obxectivo O01PD

Código	Estado
O01PD	Parcialmente

4.2.1. Elementos DAFO relacionados

4.2.2. Indicadores

4.2.3. Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
Continuar con o grupo de traballo para seguimento do plan dixital	25/06/2025	xaneiro, decembro, novembro, outubro, setembro, xuño, maio, abril, marzo, febreiro
Responsables	Equipo directivo	
Destinatario	Profesorado	

Acción	Data máxima	Temporalización
O 25% do profesorado debe ter algún curso di dixitalización esixido	25/06/2025	xuño, xullo
Responsables	Profesorado	
Destinatario	Profesorado	

Acción	Data máxima	Temporalización
Continuar, analizar y rectificar o plan dixital	15/07/2025	xuño, xullo
Responsables	Equipo directivo e persoa responsable do plan dixital do centro	
Destinatario	Profesorado e comunidade educativa	

4.3. Datos do obxectivo O02PD

Código	Estado
O02PD	Parcialmente

4.3.1. Elementos DAFO relacionados

4.3.2. Indicadores

4.3.3. Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
Consultar o profesorado para a mellora de equipos dixitais según necesidades de cada departamento	25/06/2025	xuño, xullo
Responsables	Equipo directivo	
Destinatario	Responsables de departamento	

4.4. Datos do obxectivo O03PD

Código	Estado
O03PD	Parcialmente

4.4.1. Elementos DAFO relacionados

4.4.2. Indicadores

4.4.3. Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
Realización de sesións	25/06/2025	xuño
Responsables	Grupos de traballo	
Destinatario	Equipo docente e persoal non docente	

4.5. Datos do obxectivo O04PD

Código	Estado
O04PD	Pendente

4.5.1. Elementos DAFO relacionados

4.5.2. Indicadores

4.5.3. Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
Determinar os módulos nos que se pode implementar complemento de avaliación dixital	25/06/2025	xuño
Responsables	Grupo de traballo responsable de cada departamento	
Destinatario	Equipo docente	

Acción	Data máxima	Temporalización
Creación de cuestionarios par saber cantos docentes avalían con ferramentas dixitais	25/06/2025	marzo, xuño, maio, abril
Responsables	ROcío Agra Baleato	
Destinatario	Equipo docente	

5. Seguimento

5.1. Procedemento para o seguimento

O equipo do plan dixital reunirse unha vez o trimestre mínimo para facer o seguimento e analizar os resultados e realizar as posibles modificacións das accións propostas.

Plantexaranse obxectivos de cara o vindeiro curso académico no último trimestre do presente curso.

5.2. Primeiro trimestre

A día 16 de decembro de 2025 os obxectivos e as accións dos mesmos atópanse tal como seguen:

O01PD. Creouse un grupo de traballo entorno ao plan dixital para darlle continuidade ao anterior plan e establecer os obxectivos indicados.

O02PD. Levouse a cabo unha consulta sobre o estado dos recursos dixitais e as necesidades de mellora no presente curso académico

O03PD: Tráballose na creación dun grupo de docentes para participar no intercambio de experiencias dixitais. Tan só se levaron a cabo dúas sesións de análise de necesidades actuais.

5.3. Segundo trimestre

A día 24 de marzo de 2025 revisáronse os obxectivos e están como seguen:

O02PD: Renováronse diferentes equipos dixitais e mellorouse o acceso á wifi en puntos e en aulas de difícil conexión.

O03PD: Tráballose na creación dun grupo de docentes para participar no intercambio de experiencias dixitais. Tan só se levaron a cabo dúas sesións de análise de necesidades actuais.

O03PD: Realización de sesións de intercambio de experiencias dixitais entre o equipo docente e o persoal non docente.

Non se levou a cabo.

5.4. Terceiro trimestre

A día 19 de xuño de 2025, os obxectivos e as accións preséntanse como seguen:

O01PD O centro dispón dunha estratexia dixital a cal debe reformularse polo cambios que se presentan no próximo curso académico.

O02PD Levouse a cabo a renovación dun 50% dos dispositivos dixitais e dispónse de 7 portátiles para préstamo do alumnado.

O03PD Non se chegou a consolidar o grupo de traballo de intercambio de experiencias dixitais. Tráslase como obxectivo do próximo curso académico.

O04PD Iniciouse un grupo de traballo para propoñer o uso das tecnoloxías dixitais para a avaliación das capacidades do alumnado.

6. Avaliación

6.1. Procedemento para a avaliación

O grupo de traballo valorará trimestralmente o logro dos obxectivos marcados para o curso e as propostas de mellora, tendo en conta a participación e aportación da comunidade educativa.

6.2. Valoración xeral

Leváronse a cabo a maior parte dos obxectivos previstos. En relación aos non acadados, principalmente foi debido á falta de tempo para poder levar a cabo todas as accións previstas.

6.3. Propostas de mellora

No vindeiro curso preténdese levar a cabo as accións non acometidas durante este ano académico así como seguir mellorando os equipos informáticos, achegando intercambios de experiencias entre o persoal do centro e propoñendo plans de accións titoriais individuais para unha correcta dixitalización do equipo docente da EFA Piñeiral.

Do mesmo xeito seguirá a utilizarse a plataforma EduCamos como ferramenta de seguimento e avaliación do alumnado así como de comunicación co alumnado e as familias.

7. Comunicación e difusión

7.1. Procedemento para a comunicación e a difusión

O Plan Dixital de Centro será aprobado polo consello Escolar, polo Equipo Directivo e presentado en primeiro momento ao Equipo Docente e posteriormente ao resto da comunidade educativa. Así mesmo, nas sesións de familias e reunións de equipo, será presentado aos presentes. O Plan Dixital deste curso 2024-2025, de cara a mellora da Comunicación e difusión de actividades estará dispoñible no seguinte enlace: <https://pineiral.es/>

8. Outros datos

9. Anexos